



Rafael C. Sisto Edreira, Alcalde do Concello de Teo, diante da evolución do brote da enfermidade coñecida como COVID-19 (coronavirus) e as medidas de contención extraordinarias adoptadas polos gobernos estatal e autonómico reflectidas no Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo (BOE núm. 67 do 14 de marzo) e Resolución do 15 de marzo da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións públicas e Xustiza da Xunta de Galicia (DOG núm. 51 do 15 de marzo), no exercicio das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire a esta alcaldía

FAI SABER:

Primeiro. Procédese ao peche, dende o 16 de marzo de 2020 e durante o tempo que dure o estado de alarma declarado polo Goberno do Estado, das escolas infantís de Calo, A Ramallosa e Os Tilos, das bibliotecas municipais de O Grilo e Os Tilos, de todas as Casas Comúns do concello e de todas as instalacións deportivas municipais.

Segundo. Quedan suspendidas, dende o 16 de marzo de 2020 e durante o tempo que dure o estado de alarma declarado polo Goberno do Estado, as actividades das escolas municipais culturais, das escolas municipais deportivas, as actividades terapéuticas de persoas con deterioro cognitivo e de envellecemento activo (actividade física, pintura, encaixe,..) e, en xeral, calquera actividade xestionada polo concello que favoreza a concentración de persoas.

Terceiro. Decrétase, dende o 16 de marzo de 2020 e durante o tempo que dure o estado de alarma declarado polo Goberno do Estado, o peche total da atención presencial nas oficinas municipais, agás aqueles servizos que se declaran esenciais para atender as necesidades prioritarias da cidadanía de Teo.

Cuarto. A atención nos servizos esenciais será unicamente telefónica e telemática. A atención presencial será motivada por razóns de urxencia e para isto precisará cita previa, a través do teléfono 981 815 700. Do mesmo xeito, recoméndase o uso dos correos electrónicos dos distintos departamentos para poder realizar xestións non presenciais: servizosxerais@teo.gal; alcaldia@teo.gal; urbanismo@teo.gal; medioambiente@teo.gal; servizossociais@teo.gal; cultura@teo.gal; intervencion@teo.gal, deportes@teo.gal

Quinto. A Policía Local (606 984 838), o Servizo de Protección Civil estarán plenamente operativos. O Rexistro municipal estará aberto pero con atención restrinxida a casos excepcionais e inaprazables. Lémbrese que o Concello conta con sede electrónica para realizar a tramitación a través da web municipal www.teo.gal.

Sexto. Por último, recoméndase que se sigan as instrucións ditadas polo Ministerio e a Consellería de Sanidade e, no caso de ter algún síntoma, contactar co **900 400 116**. O concello pide a máxima colaboración da veciñanza seguindo estritamente as recomendacións das autoridades sanitarias e administrativas.

En Teo, a 16 de marzo de 2020